

MÚSICA: ACTIVIDADES 6º

Ola a tod@s! Nestes días nos que debemos quedar na casa e os días se nos poden facer un pouco longos, a música pódenos axudar moito! Tal e como estamos vendo nos balcóns de moitos lugares do mundo!

A continuación, propóñovos algunhas actividades musicais para realizar en familia nestes días de encerro. Recordade que son propostas, tarefas **voluntarias!** En moitos casos, ideas para axudarvos a aproveitar este tempo. Non pensedes en facelas todas o mesmo día!

CANCIÓN

Continuamos practicando a canción *A Rosalía (No bico un cantar)*, que aparece no libro –disco Rosalía Pequeña, de Uxía.

<https://www.youtube.com/watch?v=Snrqlc8eSoE>

Do mar pola orela mireina pasar,
Na frente unha estrela, no bico un cantar.
E vina tan soia na noite sen fin,

¡que inda recei pola probe da tola
Eu, que non teño quen rece por min!

A musa dos pobos que vin pasar eu,
Comesta dos lobos, comesta morreu...
Os ósos son dela que vades gardar.

¡Ai dos que levan na frente unha estrela!
¡Ai dos que levan no bico un cantar!

¡Ai dos que levan na frente unha estrela!
¡Ai dos que levan no bico un cantar!

FRAUTA

Repasa polo menos dúas cancións das que tocamos este curso! Aquí tedes o enlace a todas elas:

https://drive.google.com/drive/folders/15uX-2yGeDulpj_fJqll_O_L90xrWSj4O?usp=sharing

REPASO LINGUAXE MUSICAL

Dictado rítmico:

<https://aprendomusica.com/const2/30dictadoritmico1/dictadoritmico1.html>

Repaso as notas no pentagrama

<https://aprendomusica.com/const2/03atrapanotas/atrapanotas.html>

<http://gerardodiegoaulademusica.blogspot.com/2010/03/24-aranas.html>

<https://aprendomusica.com/const2/27aprendonotas8/aprendonotas8.html>

Instrumentos:

Familia de vento:

<https://aprendomusica.com/const2/24memoryviento/memoryviento.html>

Familia de corda:

<https://aprendomusica.com/const2/25memorycuerda/memorycuerda.html>

Familia de percusión

<https://aprendomusica.com/const2/23memorypercu/memorypercu.html>

Trivial

<https://aprendomusica.com/const2/21trivial1/trivial1.html>

RITMO!

Rétovos a que aprendades este ritmo de percusión coas mans, e á volta facemos unha competición! A ver quen o consegue! Tamén podes retar á túa familia e pasar un anaco divertido con eles!

<https://www.youtube.com/watch?v=IBcZVyuvjg0>

Neste enlace tedes o titorial para aprendelo!

<https://www.youtube.com/watch?v=-JAfLhrlNck>

En realidade podes practicar música ata cando axudes coas tarefas domésticas... por exemplo coa escoba! Só debes botarlle un pouco de imaxinación...

<https://www.youtube.com/watch?v=tZ7aYQtIldg>

COMPOSICIÓN MUSICAL:

Compón un beatbox coa seguinte aplicación (só desde o ordenador):

<https://www.incredibox.com/demo/>

E NON ESQUEZADES ESCOITAR E BAILAR A MÚSICA QUE MÁIS VOS GUSTE!

Un saúdo! non dubidedes en poñervos en contacto polo correo do cole para calquera dúbida que teñades estes días!

Patricia